



> 3

Obxectivos
do programa

Pola igualdade
no emprego



a prioridade do programa Acceder é o acceso da poboación xitana ao mercado laboral por conta allea, favorecendo así a igualdade de oportunidades para as persoas xitanas. Este acceso promóvese a través de accións de inserción laboral, tais como itinerarios individualizados de emprego e o desenvolvemento e a mellora dos recursos humanos.

Os obxectivos xerais do programa son:

- **Conseguir empregos de persoas xitanas no mercado de traballo ordinario.**
- **Formación profesional adaptada ás demandas do mercado de traballo.**
- **Vínculo directo entre as persoas xitanas que buscan emprego e os provisores de servizos de emprego.**
- **Sensibilización** respecto aos prexuízos e prácticas discriminatorias cara a poboación xitana para mellorar a súa imaxe social.
- **Xeneralización de políticas mais pro-activas** dirixidas á poboación xitana co obxectivo de mellorar os súas estándares de vida e garantir a igualdade de oportunidades no acceso a bens e servizos públicos.

Isto acádase a través dun enfoque intercultural integrado, multidimensional e individualizado, no que o tratamento persoal é unha ferramenta esencial. Comézase por un diagnóstico das condicións de empregabilidade de cada persoa e deséñanse as medidas apropiadas e os pasos necesarios para mellorar as súas condicións de acceso ao emprego. As accións diríxense preferentemente á poboación xitana, pero non exclusivamente, contemplándose a atención dun 70% de persoas xitanas e un 30% de non xitanas.

Abordar a inserción laboral pasa por un enfoque integrado e un equilibrio entre a perspectiva social e a económica

“ Espero que cada vez sexan mais os xitanos que loitamos por estar en igualdade de condicións ”

Ruth León Gabarri. Mediadora intercultural.

Ruth León naceu en Lugo no colexio sentiuse discriminada. Realizou cursos de atención ao cliente, mediador intercultural, habilidades sociais, técnicas de busca de emprego e un curso de formación básica de voluntariado. Traballou en casas e bares, facendo limpeza, como promotora en vendas, en perfumerías, como dependenta, repoñedora (en centros comerciais), como coordinadora en promocións, azafata de congresos, guía de exposicións, monitora en talleres interculturais... actualmente é mediadora intercultural. O seu desexo? “ Que as persoas que viven en guetos teñan unhas vivendas dignas; que non lles falte de comer aos nenos, que teñan unha boa formación”.

